

## LER E COMPARTIR: PROXECTO ARCE “En el país de Alicia”

Un proxecto ARCE é un proxecto no que participan centros de ensino pertencentes a distintas comunidades españolas para desenvolver unha tarefa en común.

“En el país de Alicia” é un plan de traballo baseado nunha idea: “compartir lecturas”, nel participamos catro institutos, catro Clubs de Lectura o do IES Juan Carlos I de Murcia, o do IES Tamujal de Arroyo de San Serván (Badajoz), o IES José Zerpa de Santa Lucía de Tirajana (Gran Canaria) que é o coordinador, e o IES de POIO.

Somos catro centros de zonas dispares xeograficamente falando, o perfil dos mesmos é moi diferente socioloxicamente e digamos que tamén son diferentes os niveis económicos das familias dos nosos alumnos; en comun temos o fundamental: o amor pola lectura e un gran ánimo para coñecernos e intercambiar experiencias lectoras.

Recentemente vimos de ter o noso primeiro encontro real (virtuais xa foran moitos) en Gran Canaria: Ademais do marabilloso recibimento e calorosa acollida que recibimos por parte dos nosos anfitrións (profesorado e alumnado) diría que a experiencia foi do máis gratificante a nivel profesional e humano.

O tema das reunións foi por suposto a lectura e o ensino: a evolución do noso proxecto, plans de encontro entre os alumnos, o noso blog ([www.enelpaisdealicia10.com](http://www.enelpaisdealicia10.com)), os listados de lecturas en común (conveniencias, calidades, literaturas, títulos e autores...), o desenvolvemento das actividades, etc... pero nos xantares, nas visitas, na xuntanza cos autores canarios... seguimos falando de lecturas, de África e de adolescentes.

Voltamos coas maletas cheas de ilusions, de novas exerxías, de plans en común, coa satisfacción de comprobar que neste proxecto “somos diferentes pero somos iguais”, que a diversidade vai enriquecernos a nós e aos nosos alumnos.

Proximamente, co gallo da celebración da Feira do Libro en Madrid volveremos a reunirnos, nesta ocasión acompañados dos nosos alumnos dos club de lectura: visitaremos a feira, a Biblioteca Nacional, a casa de Lope... pero o fundamental será a sesión de lecturas compartidas na que os nosos alumnos poderán coñecerse máis e falar de todas estas obras que estamos lendo en común.

O proxecto ten unha duración de dous cursos académicos e cada centro recibe unha subvención do MEC para costear as viaxes de encontro, o material que empregamos e demais gastos que se xeneren.

Os participantes cremos que realmente é unha grande ventaxa para nós e para os nosos alumnos e que nos aportará praceres lectores, novas experiencias, coñecementos, abrirá as nosas mentes á nosa diversidade cultural e lingüística, e destes encontros entre as follas dos libros obteremos novos valores humanos.